

## Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. Este libro sorprendeume moitísimo, cando o empecei a ler parecíame un pouco aburrido pero a medida que avanzaba na lectura gustábame cada vez máis. Porque é un libro de intriga e non podía parar de lelo, quería saber como ía acabar. A historia é bastante intrigante porque as dúas redactoras Xema e Esther comezaron facendo unha reportaxe e acabaron investigando un crime que parecía imposible de resolver. Neste libro hai moitas sorpresas inimaxinables como por exemplo que Xema ..., iso foi o máis desagradable do libro. Ten algunhas cousas un pouco raras, sobre todo no principio, como por exemplo cando Xema e Esther chegan ao pobo e ven ao alcalde Aniceto ..., eu quedei moi asustada ata que despois conseguín entender tras moito esforzo que ... Outra cousa tamén estraña foi o vagabundo que se cría profeta porque o libro comeza falando del e non tivo nada que ver na historia só que ... O personaxe que máis me chamou a atención foi Sofía ,a muller do morto porque ao principio parece ... e sempre desconfías dela, porque é bruxa e fai cousas moi raras pero resulta que ... Pero era moi moi astuta porque ninguén pensaría que os restos dos cadáveres estaban ... Tamén me pareceu moi valente pola súa parte que fose a declarar ... Algunhas cousas son un pouco difíciles de entender e o final non o entendín moito pero é un libro que paga a pena ler porque é interesante, eu lino en moi pouco tempo, apenas unha hora ou iso creo porque o tempo se me pasou voando. O vocabulario é moi sinxeliño e non hai nada que buscar no dicionario. O tema principal deste libro é a morte e todo o libro parece unha reflexión sobre ela , e tamén sobre a brevidade da vida e temos que aproveitala ao máximo, as dúas reporteiros facíanlle a tódolos personaxes unha entrevista sobre a morte e cada un deles daba unha opinión distinta acerca dela. O final non o esperaba e sorprendeume moito que ... En resume, é un libro que recomendo e que me gustou moito porque non sabes o que vai ocorrer e cambia dun momento a outro. **(Noemi)**

2. Este libro encantoume!!! É o mellor libro de intriga que lin nunca, eu odio os libros de investigacións, asasinatos e esas cousas, e este encantoume porque enganxa dunha maneira que non é normal! A forma que ten de contar as cousas, o vocabulario común, e que os capítulos sexan todos moi curtiños, son as cousas que fan que o libro se faga moi ameno. Outra cousa que tamén me gustou moito do libro é que o final non é nada predicible, e que non te vas imaxinar nin de broma toda a historia de que en realidade ... E todas as anécdotas da historia, dos policías e a forma que ten de enlazar toda a historia por detrás para que non sexas capaz de adiviñar o final ata que o les, é increíble. O único que non me gustou do libro foi o comezo, porque non se entende moi ben!! Pero cando empezas a entender a historia e cando te enganchas! Ademais diso é un libro con moitos valores, como a homosexualidade e tamén fala do Prestige, criticando aos políticos!! En resumo, que eu recomendaría este libro a toda a xente que me dixese, porque foi un dos que máis me gustou de todos os que lin este curso. **(Margarita)**

3. *O descenso do derradeiro* ocaso é un libro moi entretido que lin nun par de horas porque me enganxou moito. Non ten un léxico moi difícil e a historia se entende perfectamente. Facer un comentario deste libro non é sinxelo, posto que a historia a comentar está moi ben armada polo escritor. Este libro pode parecer aburrido e sen fundamento no principio, pero a medida que te metes na historia e vaste dando de conta da gran trama que contén, pode chegar a resultar increíble. Para min o máis destacado deste libro é a historia escondida de Xema en Trasomundo, posto que foi o único factor que non conseguí descifrar ata que cheguei ao capítulo onde se fala da morte de ... Os personaxes do libro están verdadeiramente moi ben descritos e a historia pode parecer de carácter real, aínda que a crucifixión do alcalde Aniceto pareceume un pouco irreal. Os personaxes que destacaría deste libro son: *Xema*: a súa historia deixoume totalmente abraiada e non imaxinei que tivese ese gran temple durante todo o libro. O seu personaxe encantoume. *Sofía*: o seu personaxe pareceume realmente interesante, posto que cubriu a Xema respecto ao asasinato e, aínda que era un tanto estraña na súa forma de amañar as cousas, pareceume un gran personaxe neste libro. *Gumersindo*: porque o seu personaxe desconcertoume totalmente ao principio do libro e sorprendeume tanto ao final que creo que merece unha mención no meu comentario. *Esther*: o seu personaxe pareceume un pouco descentrada e que necesita un pouco de movemento na súa vida para darse conta de que non necesita a Roxelio para entender a vida. En todo momento pensei que sería un personaxe que daría máis xogo e non que fose ... A historia deste libro e a forma que ten Ángel de la Cruz de desenrola, sinceramente, foi moi importante á hora de lelo. Ao principio do libro non parece de misterio e non te podes imaxinar que Xema e Esther que empezaron investigando unha resurrección acaben descubriendo que ... Este libro trata moitos temas de actualidade, como a obsesión da xente polos feitos paranormais e a homosexualidade, que son uns temas que hoxe en día están moi de moda e sobre os que hai bastantes debates televisivos sobre se crer ou non nos feitos o sobre se aceptar ou non aceptar a xente homosexual. Tamén trata o tema de antigos ritos e crenzas pagás como o de xuntar os cadáveres ..., e a aceptación da denominación de orixe, este tema púxome un pouco os pelos de punta. En resumo, este libro é un perfecto libro de misterio que contén diversos temas de actualidade. **(Andrea)**

